



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Agosto 2017 • Nº 215

AXENDA PARA O MES DE AGOSTO

- Etapa do **Goza do Ulla en Vedra** o domingo 6 de agosto.
- Continúa a tempada da **piscina municipal!**
Con actividades acuáticas, dinamiza piscina,...
Festival fin de tempada o xoves 31 de agosto e peche das instalacións o 1 de setembro!!
- Continúa a **Ludo Verán** co seu proxecto "Vedra Express: as tribus perdidas".
- En agosto continúan os **servizos turísticos en Vedra:**
Punto de Información Turística na Casa Reitoral de Ponte Ulla.
Servizo de aluguer de bicicletas btt.
Aluguer de piragüas en Agronovo.
- O **Centro Social da Terceira Idade** permanecerá pechado no mes de agosto.

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- **VIII Festa do Chourizo** en San Pedro de Sarandón o domingo 6 de agosto.
- Continúa o **Ciclo de cine de verán 4x4x4** da Asociación Cultural Senunpeso...
- **XX Concentración Moteira** Val do Ulla.

Programación Cultural arredor do Santiaguiño:

- **VIII Concentración de Espantallos** en Vilanova, o venres 18 de agosto. Organizada pola asociación Tira e Afloxa.
- **Baixada Pedestre do Pico Sacro**, o sábado 19 de agosto. Organizada pola asociación veciñal de Picón (Vilanova).
- **X Ruta Cabalar Santiaguiño**, o domingo 20 de agosto.

...E LEMBRA... En setembro presentamos todas as propostas culturais, deportivas e de formación para o vindeiro curso!!!

AGOSTO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

De interese...

ANUNCIO DE NOVAS REUNIÓN INFORMATIVAS SOBRE O MONTE SEN CONCENTRAR...

- Dende o Concello de Vedra informase de que en setembro retomaranse as reunións informativas sobre as posibles alternativas ao monte sin concentrar.

Comunicaranse as datas das xuntanzas a través de bandos e en futuros boletíns.

MEDIO AMBIENTE

O concello lembra a obrigaçión de usar de maneira axeitada os colectores de residuos.

As infraccións sancionaranse segundo a normativa en vigor





ASÍ FOI O PONTE DE VERÁN EN XULLO DO CONCELLO DE VEDRA...



O 1 de xullo máis de 300 persoas realizaron o descenso en piragua polo río Ulla, unha alternativa deportiva e turística proposta conxuntamente polos concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces que cada ano gaña adeptos!!



Proposta para pasar uns días de verán inesquecibles!, nesta ocasión nas instalacións do Campamento de Cabana de Bergantiños.



Campo de Traballo de Vedra 2017. Con participantes de Rusia, República Checa, Francia, Portugal e de distintas comunidades españolas: Ceuta, Murcia, Valencia, País Vasco e Galicia.



Viaxe da Mocidade a Ibiza, na que coñeceron a localidade de "Es Vedrá".



Excursión para toda a familia ao Aquapark de Cerceda!! Un día diferente de auga, ... e Moita diversión!!



Xornadas “O Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro”.

A primeira das actividades presentadas foi unha mesa redonda que tivo lugar o venres no Centro Sociocultural. Esta mesa estivo presidida por Castor Pérez Casal, director do proxecto e membro da Comisión de Investigación Histórica do Camiño Miñoto-Ribeiro, participando tamén como poñente Celia Alegre Maceira, historiadora que realizou a investigación sobre o traballo deste camiño ao seu paso polo Concello de Vedra.

Esta charla complementouse cunha andaina dende a Ponte de Sarandón (punto de entrada do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro no Concello de Vedra) ata Santiago de Compostela, a que asistiron mais de sesenta persoas.


Vedra é o primeiro dos concellos, polos que discorre este camiño, que marca o trazado cunha sinalización elaborada polo Campo de Traballo de Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Durante o mes de xullo arredor de 40 rapazas e rapaces de Vedra participaron na Escola de Verán Amabul, nun proxecto no que se tentaba chegar ás mozas emprendedoras vedresas. Tratábase de compartir con elas o tempo e afondar na forma de ser de cada quen e na influencia que o entorno natural ten nesta. Así, amais de coñecer Vedra e todo o que nela se fai, lograron desenvolver habilidades sociais, a expresión das emocións e o autoconcepto, partindo sempre da natureza como base.

Houbo tempo a facer carreiras de orientación, xornadas deportivas, xogos de rol, xornadas de praia, rutas, xincanas e, sobor todo, a xogar moito e a sorrir, compartindo o noso tempo cos demais.




A Asociación Xuvenil Dorna realizou con éxito a súa orixinal proposta do I Xogo de Peñas, no que participaron 7 grupos mesturando diversión, destreza, competitividade e moito humor!!



O XV Festival de Bandas de Música do Patio, organizado pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, que ano tras ano enche de música o Pazo de Ortigueira.



Festival de fin de curso da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra, na carballeira do marqués. Un excepcional broche para unha completa tempada... Agora toca descansar ata o próximo curso.




A Sociedade de Pesca Deportiva Agronovo organizou a súa XVIII Festa do Escalo na Área Recreativa que lle da Nome. Tratouse dunha xornada estival con música, xogos, comida, hinchables,... dende logo unha alternativa excelente para unha relaxada tarde de domingo.



No mes de xullo a Asociación Senunpeso presentou dúas das catro propostas audiovisuais incluídas neste seu ciclo... Sendo as parroquias de San Miguel e de San Mamede as primeiras escollidas!! Non te perdas as propostas para agosto!!




Durante as dúas primeiras semanas de xullo cerca de 40 nenas e nenos participaron no II Campus de Verán da ED Val do Ulla, con actividades multidisciplinares e sobre todo moita diversión.



Do 10 ao 14 de xullo o Campo de Fútbol do CD San Mamede recibiu o III Campus ETC (Enseño Técnico Competicional) e o "Clinic do RC Celta de Vigo, no que nenos e nenas de entre os 4 e os 14 anos viviron unha experiencia diferente arredor do fútbol.



O mes de xullo o Ceip Ortigueira acolleu unha nova edición do seu Acamparte, unha proposta da ANPA Ceip Ortigueira de verán que fai que preto de 40 nenos e nenas pasen unhas mañás diferentes... esta vez co fío conductor da tradición e diversión das nosas festas!



AVISO SOBRE PRAGA QUE AFECTA AOS CÍTRICOS

■ Segundo se recolle na Resolución do 1 de xuño de 2017, publicada no Diario Oficial de Galicia do 23 de xuño, o concello de Vedra é un dos afectados pola praga que afecta aos cítricos e a outras especies ornamentais. Posto que se trata dunha praga moi perigosa e que resulta totalmente letal para as plantas afectadas, a Consellería do Medio rural establece a **prohibición de movemento de todas as especies sensibles dentro das zonas afectadas e a comercialización de froitos de cítricos con follas ou pedúnculos que procedan das citadas zonas** (se só se trata do froito sen folla ou tallo sí poden ser comercializados).



Esta prohibición non só afecta aos viveiros, senón tamén a outros establecementos de venda de subministracións agrícolas, e demais lugares onde se poidan comercializar cítricos, como as feiras.

O incumprimento desta prohibición poderá ser considerada infracción grave.


Para máis información poden contactar co 012.

INFORMACIÓN SOBRE A CIRCULACIÓN EN BICI

■ Dende o Concello de Vedra facemos chegar información útil sobre relación entre a carretera a condución e as bicicletas!!

Se te moves con bici

Consellos útiles



O casco ben suxeito

- **Utilice elementos reflectores.**
- Se circula en grupo pode facelo en fila de a dous, pero nos tramos sen visibilidade, en fila india
- Non empregue casco, auriculares ou teléfono móbil mentras conduza

Se conduces un automóbil

- Aminorar a velocidade en zonas onde é previsible a irrupción de ciclistas ou peóns na rúa.



Cando adiante a un ciclista mantéñase a separación frontal e lateral.

¿E se de fronte se aproxima outro ciclista?
Se non é posible manter a separación lateral mínima – 1,5 metros- **NON ADIANTE**. O Regulamento Xeral de Circulación así o establece no seu artigo 85: "queda prohibido adiantar poñendo en perigo ou entorpecendo a ciclistas que circulen en sentido contrario"

REVISIÓN DA ITV DE VEHÍCULOS AGRÍCOLAS EN VEDRA

Lugar:

Campo da festa de Vedra

Datas:

22 de agosto de 9:00 h a 15:15 h.

23 de agosto de 9:00 h a 15:15 h.

Solicitude de cita previa no teléfono 902 309 000 ou na web www.sycitv.com

Este calendario e horarios queda supeditado a posibles cambios determinados pola mesma ITV, de ser o caso anunciaríase convenientemente.

A admisión de vehículos con características especiais estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspección regulamentarias.



PONTE DE VERÁN

PISCINA MUNICIPAL - TEMPADA 2017

■ Horario:

- De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
- Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 h.

En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

■ FESTA DE CLAUSURA DAS ACTIVIDADES ACUÁTICAS

O xoves día 31 de agosto, a partir das 16:00 horas na piscina municipal de Vedra celebrase a gran festa de clausura dos cursos de natación.

Haberá inchables acuáticos, música, xogos,... Achégate ata a piscina e pasa unha tarde diferente!!!

■ ADEMAIS: DINAMIZA PISCINA!!!

Os luns e xoves de 17:00 a 20:00 horas, os nenos e nenas, mocidade e maiores que se acheguen á piscina municipal, atoparanse con diversas alternativas socioculturais: bibliopiscina, obradoiros, xogos,...

Anímate a participar e goza do verán!!!

ALUGUER DE PIRAGUAS NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

■ Ao longo das tardes dos sábados e domingos do mes de agosto poderase acceder libremente ás piraguas mediante o seu aluguer a un prezo de 3 € /hora.

Non perdas a ocasión de realizar esta actividade que che permite gozar da paisaxe ao tempo que practicas deporte!!



SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT

■ Tamén durante o verán podes facer uso deste servizo que coordina a Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns".

Toda a información do mesmo na páxina web municipal e nos establecementos adheridos.



Turismo

PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO VERÁN

■ En agosto continúa aberto o punto de atención e información turística que estará na Casa Reitoral de Ponte Ulla e que contará cos seguintes horarios:

Casa Reitoral de Ponte Ulla: Todos os días de 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.

Lembra: Na Casa dos Peóns contarase cun dispensador de folletos de información e de



promoción turística do concello e ademais, todos os establecementos hostaleiros adheridos a "Tabernas da Ulla" contarán con material de promoción do concello.

O departamento de turismo tamén oferta un servizo de acompañamento para grupos.

Para calquera consulta dirixirse ao tel. 669 450 804

GOZA DO ULLA 2017

**...EN VEDRA O DOMINGO 6 DE AGOSTO
CORREDOR TEMÁTICO DO RÍO ULLA
"SAN XOÁN DA COVA"**

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla, aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio no "Miradoiro de Gundián" e o remate na "Área de Recreo de Cubelas".

Son 16 km de percorrido gozando da beleza paisaxística de Vedra.

Punto e hora de encontro: Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9.30 h.

**PRAZO DE INSCRIPCIÓN ABERTO ATA O
3 DE AGOSTO NO TELÉFONO
981 814 691
ou en no enderezo electrónico
casadospeons@concellodevedra.com**

**Ruta de
sendeirismo
de
SAN XOÁN
DA COVA**

Distancia: 12,6 Km.
Dificultade: media.



Domingo 6 de agosto

Punto de encontro: **Área de Recreo de Cubelas (9:30 h.)**

42°44.754'N 008°23.700'W

para deixar os coches e subir en autobús ata o punto de saída

Saída ás 10:00 h. do Miradoiro de Gundián

42°47.117'N 008°23.700'W

+ Información e inscricións para o xantar na
Festa do Chourizo que se celebra ese mesmo día na
Área de Recreo de Cubelas

981814691 – cultura@concellodevedra.com

www.concellodevedra.com





ACCIÓN FORMATIVA PARA MEMBROS DE ASOCIACIÓNS PROXECTO: NAVEGANDO POLA EDUCACIÓN NON FORMAL (KA1-MOBILIDADE PARA A APRENDIZAXE)

■ **Datas:** do 5 ao 10 de setembro de 2017.

Lugar: Viana do Castelo (Portugal).

Obxectivos:

- Capacitar e cualificar a membros de asociacións coas competencias e metodoloxías na área da Educación Non Formal, necesarias para transferir os valores comúns fundamentais da nosa sociedade á mocidade e as aprendizaxes sobre diversos temas.
- Potenciar nos/as membros de asociacións, a través da Educación Non Formal, o espírito de iniciativa, a creatividade e o emprendemento como forma de empregabilidade.
- Promover a Educación Non Formal, desenvolvida no asociacionismo, como estratexia complementaria ao sistema de educación formal.

- Estimular nos/as membros de asociacións o desenvolvemento de actividades para a dinamización das comunidades locais.

- Concienciar para unha cidadanía europea e un crecemento sustentable.

- Reforzar competencias lingüísticas.

Perfil dos participantes:

Membros de asociacións do Concello de Vedra

Custos:

Desprazamentos, aloxamento, manutención e seguro cubertos para as persoas participantes.

Para máis información e inscricións:

xuventude@concellodevedra.com

Tlf: 981814691

Servizos Sociais



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Celebración da patrona do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.**

Sábado 9 de setembro.

Hora: ás 12:30 h.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, os que queiran poden levar a comida... Actuación dunha charanga.

■ **Obradoiro de risoterapia**

Xoves 14 de setembro.

Hora: ás 20:00 h.

Inscrición previa na cafetería.

■ **Excursión ás Médulas - Balboa (Comarca do Bierzo)**

Mércores 20 de setembro

Prezo: 25 € (Inclúe: transporte, comida e visitas) - prazas limitadas.



Excursión á praia da terceira idade de Vedra

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 7 de setembro. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición).

Bingo

Xoves 21 de setembro.

Hora: ás 20:00 h.

FIN DE ACTIVIDADES DO VERÁN!!! O 6 de setembro

■ O Concello de Vedra pon o broche final a todas as propostas de verán municipais e asociativas cunha actividade de convivencia.

• Data: mércores 6 de setembro.

A partires das 19:30 h no campo da festa de Vedra. Haberá xogos, intercambio de experiencias, música e merenda.

As 22:00 h. proxección da película **MAIMIÑO**, patrocinada polo programa de cine de verán "Redecinema" posto en marcha dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Unha actividade de balde moi recomendable e que nos permitirá despedirnos ao grande dun verán cheo de actividade!!

Iniciativas das Asociacións

Continúa o Ciclo de Cine de Verán 2017 en Vedra 4x4x4 4 parroquias * 4 venres * 4 filmes

■ **Organiza:** Asoc. Senunpeso.

Colabora: Concello de Vedra / Deputación da Coruña / A. C. Papaventos.

Proxeccións de agosto:

Venres 4 de agosto. 22:30 h
San Pedro de Sarandón.
Campo da festa

■ A praia dos afogados

Unha mañá, a marea arrastra ata á beira o cadáver dun mariñeiro coas mans atadas. Sen testemuñas nin rastro da embarcación, o inspector Leo Caldas mergúllase no ambiente mariñeiro para esclarecer o crime, pero os veciños resístense a desvelar as súas sospeitas.

2015. Intriga. 96 min.

Dirección: Gerardo Herrero

Con: Carmelo Gómez, Antonio Garrido, Tamar Novas, Celso Bugallo, Celia Freijeiro, Marta Larralde, Ernesto Chao...

Coa colaboración da Asociación de Veciños San Pedro

Venres 18 de agosto. 22:00 h
A Ponte Ulla.
Campo da festa

■ Somos xente honrada

Suso e Manuel, dous pais de familia e amigos de toda a vida, quedan sen traballo con cincuenta anos cumpridos. Cando a situación é xa insostible ocorre algo insólito: un día, mentres están pescando, atopan un paquete con dez quilos de cocaína.

2013. Comedia/Drama. 85 min.

Dirección: Alejandro Marzoa

Con: Miguel de Lira, Paco Tous, Manuela Vellés, Unax Ugalde, Antonio Durán 'Morris', Xosé Manuel Olveira 'Pico'...

Coa colaboración da Asociación de Veciños Virxe de Gundián.

ASOCIACIÓN CULTURAL SENUNPESO

CICLO 4X4X4 CINE DE VERÁN

4 PARROQUIAS * 4 VENRES * 4 FILMES
Vedra * xullo * agosto * 2017

18 COMIDAS de Jorge Coira 7 de xullo 22:30h San Miguel de Ribadulla Campo da festa Coa colaboración da A.C. San Campio	LOBOS SUCIOS de Simón Casal 21 de xullo 22:30h San Mamede de Ribadulla Campo da festa Coa colaboración da A.V.V. San Blas
A PRAIA DOS AFOGADOS de Gerardo Herrero 4 de agosto 22:30h San Pedro de Sarandón Campo da festa Coa colaboración da A.V.V. San Pedro	SOMOS XENTE HONRADA de Alejandro Marzoa 18 de agosto 22:00h A Ponte Ulla Campo da festa Coa colaboración da A.V.V. Virxe de Gundián

Concello de Vedra, Deputación da Coruña, and other logos at the bottom.



26ª CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN O domingo 10 de setembro

■ Achegase unha nova edición da Carreira Popular do Gundián, que o segundo domingo de setembro reunirá a maiores e cativos nunha xornada deportiva con moita historia!!

A organización pon toda a información a disposición: regulamento, percorrido, premios,... na súa páxina web www.gundian.gal



PROXECTO DEPORTIVO DE FORMACIÓN PARA O FÚTBOL BASE DO C.D SAN MAMEDE

Este proxecto deportivo de formación no fútbol base está deseñado por Julio Díaz Sánchez, profesional con anos de experiencia en equipos como o Bergantiños, Pontevedra e Lugo nas categorías de 2ª B e 2ª División e profesor titular da Escola Galega de adestradores; e será executado por Ignacio Tembra Puen-te, adestrador nivel 3 con experiencia en Liga Nacional Xuvenil (SD Compostela) e Rexional Preferente, xunto con 15 adestradores titulados en todas as categorías do fútbol base, que estarán formados na dirección que se lle pretende dar a este proxecto deportivo de formación.

Este proxecto deportivo dividirase en dúas etapas:

A primeira está integrada polas categorías de biberón, prebenxamín, benxamín e alevín (F-8). Nesta fase do proxecto os adestradores enfocarán os seus adestramentos na adquisición de xestos técnicos básicos; así como a aprendizaxe do concepto de ataque e de defensa, ademais de insistir no xogo colectivo. A aprendizaxe das regras iniciarase nestas primeiras fases e será moi importante que tanto adestrador como familia eduquen ao xogador nos valores da deportividade tanto cara rivais e colexiados como compañeiros. Os adestramentos estarán constituídos na súa gran maioría por xogos de movemento, competitivos e exercicios técnicos.

A segunda etapa está integrada polas categorías de infantil, cadete e xuvenil (F-11). Nesta fase do proxecto os adestradores enfocarán os seus adestramentos cara un perfeccionamento do futbolista e do xogo. Traballaranse aspectos en materia táctica, técnica e preparación física adecuándoos ás posicións de cada xogador no terreo de xogo. E polo tanto unha fase de especialización.

Nas dúas etapas haberá adestramentos individualizados para aqueles deportistas que teñan unhas necesidades específicas nos conceptos relacionados co xogo, para potenciar as súas virtudes.

Os deportistas que decidan formar parte deste proxecto terán unha única obriga económica co club: a venda de 100 rifas a 1€, en toda a tempada. Aqueles que cumpran con este requisito recibirán o chándal oficial do club sen custe algún para eles.

As persoas interesadas en participar poderán obter máis información nos seguintes números de teléfono:

609 825 338 (Manuel)

650 114 328 (Benjamín)

626 134 864 (Jose)

C.D. S. MAMED

¡¡VEN A XOGAR CON NÓS!!
C.D. SAN MAMED
NOVA TEMPADA 2017-2018

COTA DE INSCRICIÓN CON RIFAS · 0€
COTA DE INSCRICIÓN SEN RIFAS · 100€

¡¡INFORMATE NO CLUB

MANUEL · 609 825 338 | BENJAMÍN · 650 114 328
JOSÉ · 626 134 864 | CDSANMAMED@GMAIL.COM

**E POR TRAER ÓS TEUS AMIGOS...
¡¡TES PREMIO!!**

1 AMIGO - UN BALÓN
3 AMIGOS - UN RELOXO
5 AMIGOS - CAMISETA DO TEU EQUIPO

SEGUNDAS EQUIPACIÓNS
UNHA TERCEIRA CAMISETA PARA O QUECEMENTO

VIII FESTA DO CHOURIZO NA AREA DE RECREO DE CUBELAS

Xoves 17 de agosto

Venres 18 de agosto

A partir das 20:00 h. presentación dos espantallos no campo da festa de Outeiro. Haberá premios para os tres mellores traballos segundo o criterio dun xurado.

A partir das 22:00 h. representación teatral a cargo da Asoc. Tira e Afloxa e Tira e Afloxa Cativos e “maiores”. Ao remate a organización convidará a uns pinchos e música de Pepiño, para celebrar o 10º aniversario da Asociación Teatral. Animádevos a traer a Vilanova os vossos espantallos, ademáis será unha tarde – noite con xogos tradicionais e moita troula!!

Nota: Para traer os vossos espantallos só tedes que inscribivros nos teléfonos 655 041 623 // 606 638 788 ou no cultura@concellodevedra.com

Sábado 19 de agosto

■ XX Carreira Pedestre "Baixada do Pico"

[illegible]

Domingo 20 de agosto

■ XI Ruta Cabalar do Santiaguíño

Saída ás 10:00 h. no campo da festa do Santiaguiño. Descanso e pinchos na metade do percorrido. Chegada á capela do Santiaguiño e xantar amenizado por un dúo musical. Haberá gran xincana con premios e sorteos sorpresas.

VIII FESTA DO CHOURIZO

Domingo 6 DE AGOSTO DE 2017 (14:00 h.)

ÁREA RECREATIVA DE CUBELAS

SAN PEDRO DE SARANDÓN - VEDRA

Xantar campeiro ao carón do río Ulla co seguinte menú:

CHOURIZOS, CHURRASCO, SOBREMESA E BEBIDAS

Prezo: 18 €
Nenos ata 10 anos: 9 €

Actuacións musicais durante a xornada
Aparcadoiro gratuito

Venda de entradas: (Data Límite: 1/8/2017)

- **Membros da Comisión de Festas.** Tlf: 609 875 650 – 645 655 005
- **Bar Benjamín (San Pedro) e Bar Martiño (Vilanova)**
- **Bar o Ferrador (Sarandón) e Bar A Dorna (Trobe)**

Organiza: Asociación de Festexos A Concepción

Colabora: **Concello de Vedra**



XX ANIVERSARIO CONCENTRACIÓN MOTEIRA VAL DO ULLA

■ 1998... 2017... 20 anos... miles de motos... miles de
kilometros... miles de AMIGOS!!! A Asociación Moteiros
Val do Ulla convidante a participar do seu XX aniversario.

Botalle un ollo á súa programación!!

XX ANIVERSARIO

18 19 20

VALDOULLA AGOSTO

MOTEIROS

**ACROBACIAS
XOGOS
REGALOS
RUTAS
DISCO MÓVIL
TORO MECÁNICO
COMIDAS
FESTA**

**É POSIBLEMENTE... MOTOS
MOITAS MOTOS**

PENSIÓN O CRUCEIRO 981 512 099 INT-RESERVAS 630 437 482 - 669 822 503

VENRES 18	SÁBADO 19	DOMINGO 20
Apertura de inscricións	Desayuno - Ruta motera	Desayuno
Cea	Comida	Ruta moteira
Disco móvil	Xogos - Toro mecánico	Pinchos
	Show acrobático (Edu Rodríguez)	Comida
	Cea - animación nocturna	Entrega trofeos
	Disco móvil	Sorteo agasallos
MEDIA 20€	COMPLETA 35€	NORMAL 30€
Bolsa inscrición	Bolsa inscrición	Bolsa inscrición
Unha Cea	Cea venres	Cea sábado
ou	Desayuno/comida/cea sábado	Desayuno domingo
Unha Comida	Desayuno/comida domingo	Comida domingo



ESCOLA DE FUTBOL VAL DO ULLA. Tempada 2017/2018

■ Dende a E. D. Val do Ulla informamos que o prazo de inscrición para a tempada 2017/2018 continúa aberto. No vindeiro mes de agosto darán comezo as categorías de fútbol 11 e no mes de setembro as categorías de fútbol 8, que para a seguinte tempada terán

o seguinte cadro de adestradores e formarán parte das seguintes competicións.

Dir. deportivo: José Antonio Varela Señarís. 626 119 992.

Coord. de fútbol 11: Carlos Iglesias López. 650 353 692.

Coord. de fútbol 8: Emilio Pérez Hermo. 619 012 645.

CATEGORÍA	COMPETICIÓN	ADESTRADORES
Categoría senior	2ª autonómica 3ª autonómica	Francisco Raviña Martínez (Nivel 3) Lino Casal Neira (Nivel 1) Alberto Nodar García (Nivel 2)
Categoría xuvenil (nados no 2001, 2000 e 1999)	1ª Autonómica xuvenil	Jose Manuel Neira Torres (Nivel 2)
Categoría cadete (nados no 2003 e 2002)	2ª autonómica cadete	Alfonso Sánchez Míguez (Nivel 1)
Categoría infantil (nados no 2005 e 2004)	1ª autonómica infantil	Carlos Iglesias López (Nivel 3)
Categoría alevín (nados no 2007 e 2006)	1ª alevín 2ª alevín	Kiko García Couto (Nivel 2) Lino Casal Neira (Nivel 1)
Categoría benxamín (nados no 2009 e 2008)	1ª benxamín 2ª benxamín	Jorge Tojo Rodríguez (Nivel 2) Emilio Pérez Hermo (Nivel 1)
Categoría prebenxamín (nados no 2011 e 2010)	1ª prebenxamín	Rafael Pereiras Pereiro (Nivel 1)
Categoría biberón (Nados no 2012 e posteriores)	Liga biberón F8	Oscar Parada Castiñeiras (Monitor Fútbol Base)
Adestramento específico de porteiros		Alfonso Sánchez Míguez (Nivel 1)



Vedra festeira en agosto



FESTAS EN SAN FINS DE SALES

■ **Martes 1 de agosto. Día de San Félix:** Coa actuación do grupo de baile Agarimo na sesión vermú e verbena a cargo das orquestras Xacobeo e Channel.

■ **Mércores 2 de agosto. Día do Santísimo:** Vermú coa Banda de Santa Cruz e verbena coa orquestra De Moda e o grupo Bomba.

■ **Xoves 3 de agosto. Día do San Antonio:** Vermú coa actuación dun dúo musical. Verbenas coas orquestras Costa Oeste e Marbella.

FESTAS EN SAN MAMEDE O 7 e 8 de agosto

FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN

■ **Mércores 9 de agosto. Vésperas:** Verbenas coas orquestras "Galilea" e "La Ola ADN".

■ **Xoves 10 de agosto. Día do San Campio:** Sesión vermú e gran concerto na sesión verbenas coas bandas de música: "Unión Musical Valladares" e "Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla".

■ **Venres 11 de agosto. Día do San Antonio:** Sesión vermú coa actuación dun dúo musical. Verbenas coas orquestras "París de Noia" e "Fania Blanco Show"

FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN VILANOVA

■ **Venres 25 de agosto. Vésperas:** Verbenas coas orquestras "Garbaldi" e "Costa Oeste".

■ **Sábado 26. Día do Santiaguíño:** Sesión vermú e concerto coa Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla. Verbenas coas orquestras "New York e Galilea".

E setembro comeza festeiro!...

■ ...Coa festa das Dores a primeira fin de semana 2, 3 e 4 de setembro.

■ ...E a romería do Gundián o 7 de setembro e a 26ª Carreira Popular do Gundián

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.